

MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN S DE PRESTACIÓN DO SERVICIO TÉCNICO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DE EQUIPAMENTO CIENTÍFICO DA USC

Co fin de garanti-lo bo funcionamento do sistema de mantemento e reparación de equipamento científico a cargo do Servicio Técnico da USC ó longo de todo o ano 2003, introduciranse unha serie de cambios na xestión e financiamento deste servicio, con efecto de 1 de Xaneiro de 2003.

Financiamento:

- O Vicerrectorado de Investigación e Innovación financiará os gastos correspondentes ás horas de traballo empregadas polo persoal do Servicio Técnico en cada reparación.
- Os investigadores, a través dos Departamentos financiarán o 100% dos gastos correspondentes ó material empregado nas reparacións.

Xestión:

- Os investigadores solicitarán ó Servicio Técnico da USC as reparacións que estimen oportunas, podéndose pedir que este presente un presuposto das reparacións requiridas.
- Unicamente serán cofinanciadas polo Vicerrectorado de Investigación e Innovación reparacións de equipamentos científicos inventariados polo Servicio de Patrimonio da USC. Os investigadores deberán incluír na súa solicitude o número de inventario do equipo a reparar, que o Servicio Técnico incluírá no parte de reparación a remitir ó Vicerrectorado.
- O Servicio Técnico identificará aquel equipamento que precise dun mantemento preventivo periódico para o seu adecuado funcionamento e procederá a presentar ó Vicerrectorado de Investigación e Innovación un plano de actuación para levar a cabo o devandito mantemento.
- O Vicerrectorado de Investigación e Innovación non cofinanciará a reparación de material informático.
- A xestión económica e pagamento corresponderá ó Vicerrectorado de Investigación e Innovación, que enviará periodicamente ós Departamentos os cargos internos relativos ós materiais empregados nas reparacións efectuadas, xunto co listado pormenorizado dos investigadores que orixinaron os cargos.